

VII RUTA CICLOTURÍSTA DE ESTEIRO

REGULAMENTO DA PROBA

1. O Clube Os Saltarrejos, organiza a VII BTT de Esteiro. Marcha cicloturista que terá lugar o Domingo 17 de Maio de 2026, cun percorrido aproximado de 45 Km de dificultade física e técnica media alta e un percorrido alternativo curto, de 34 Km de dificultade física e técnica media.
Amba-las dúas, non serán competitivas.
2. Poderán participar nesta ruta todas as persoas maiores de idade que acepten e cumpran as condicións do regulamento sempre que realicen axeitadamente o proceso de inscrición. A inscrición na proba terá un coste de 18€.
3. Permitirase a participación a rapazas e rapaces menores de idade(dende 14 anos) sempre que conten con autorización paterna ou vaian acompañados de tutor legal documentado.
Esta autorización pódese descargar na documentación anexa desta páxina.
O limite de idade para participar e de 69 anos.
4. O prazo de inscrición rematará o día 14 de Maio as 23:59 horas ou ao acadar o total de 300 participantes. A inscrición realizarase nesta plataforma e considerarase efectiva unha vez feito o pago na TPV habilitada para tal fin. Non se admitirán pagos en man nin inscricións fora das fechas establecidas.
5. A inscrición da dereito a participación na proba na que estarán dispoñibles todo-los servicios habituais. Seguro de accidentes no horario da proba, Ambulancia, dous avituallamentos para percorrido longo e un para o alternativo curto, servicio de lavado, vestiarios e duchas, pincho ao remate. E obrigatorio levar colocado o dorsal da proba de forma visible durante o percorrido, non levalo conleva a exclusión oficial da mesma considerandose non participante na mesma.
6. A entrega de dorsais terá lugar na mesma zona de saída, situada no parque do Artón a partires das 8:00 horas do Domingo 17 de Maio. A recollida de dorsais farase seguindo as indicacións escritas ou do persoal auxiliar, de forma individual e presentando o consentimento de información devidamente asinado. A saída da proba será as 9:00.
7. E obrigatorio o emprego do casco. A organización expulsará da proba a todo o que non cumpla este requisito. Ademáis, non se fará cargo de accidentes nos que poidera ser causa a negligencia do participante nin dos danos que éste poidera causar.
8. O percorrido da proba transcurre maiormente por camiños ou pistas rurais e forestais dos Concellos de Muros e Outes, existido cruces e pasos por estradas abertas ao tráfico de vehículos polo que se deberán extremar as precaucións nestes puntos, respectando as normas contidas no Regulamento Xeral de Circulación.
9. Respetaranse e acataranse as ordes e directrices da organización durante a proba. Na saída neutralizada non se poderá adiantar ao vehículo de dirección de carreira, non respectar este punto conleva retirada de dorsal e a exclusión da proba.
10. Ca inscrición e aceptación deste regulamento, o participante da o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba nos distintos formatos que se poideran dar. Calquera persoa inscrita ten opción de prohibir a utilización desta imaxe, previa comunicación por escrito dirixida a o Club Os Saltarrejos a través do mail:ossaltarrejos@gmail.com.
11. Considerase a todo participante autosuficiente e responsable do seu equipamento, material e avarias que poidera ter no percorrido. A organización proporcionará na medida do posible axuda para continuar a marcha ou retirada.

En caso de accidente ou avaria deberase chamar aos números de tlf que aparecen no dorsal, tamén se poderá contar con axuda do persoal auxiliar disposto ao longo do percorrido.

12. A organización reservase o dereito a modificar o presente regulamento, así como calquer outra modificación en canto a percorrido, distancia ou fecha da proba por motivos de seguridade ou impedimentos oficiais. Asimismo, en caso de alertas por fenómenos metereolóxicos adversos, se fose necesario procederáase a suspensión da mesma sen obrigaón de devolución do importe de inscrición.
13. Faise fincapé en que A INSCRIPCIÓN NA PROBA SUPÓN A ACEPTACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO, debendo presentar ese consentimento firmado ca recollida do dorsal. Poderase descargar nesta mesma páxina na documentación anexa.

Asociación Deportiva Os Saltarrejos.

